

ANEXO I

| | | |
|---|-------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS – Submedida 214.2.4 FEADER | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO D1 | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|-------------------------------------|--------------------------------|

| | |
|--------------------------------------|--|
| Nº DE PROTOCOLO^(*) | |
|--------------------------------------|--|

^(*) A encher polo INGACAL

| | | |
|--|-------------------------------|---|
| DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE | | |
| CENTRO DE INVESTIGACIÓN: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) | | CIF: Q1500322A |
| ENDEREZO: Estrada AC-542 km 7 | | |
| CP: 15318 | LOCALIDADE/CONCELLO: Abegondo | PROVINCIA: A Coruña |
| TELÉFONO: 881881801 | FAX: | ENDEREZO ELECTRÓNICO: manuel.lopez.luaces@xunta.es |

| | | | |
|--------------------------------------|-------------------------------|---|----------------|
| E NA SÚA REPRESENTACIÓN | | | |
| NOME E APELIDOS: Manuel López Luaces | | CARGO: Director CIAM | NIF: 32778422H |
| ENDEREZO: Estrada AC-542 km 7 | | | |
| CP: 15318 | LOCALIDADE/CONCELLO: Abegondo | PROVINCIA: A Coruña | |
| TELÉFONO: 881881801 | FAX: | ENDEREZO ELECTRÓNICO: manuel.lopez.luaces@xunta.es | |

| | | |
|---|--|--|
| DATOS DO PROXECTO | | |
| DENOMINACIÓN: : "Prospección de especies de flora autóctonas con posibilidades de uso como planta ornamental" | | |
| ENDEREZO: EEA do Baixo Miño – Entenza s/n | | |
| CP: 36471 | LOCALIDADE/CONCELLO: Salceda de Caselas | PROVINCIA: Pontevedra |
| TELÉFONO: 986 347 904 | FAX: 986 347 250 | ENDEREZO ELECTRÓNICO: manuel.riveiro.leira@xunta.es |
| BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO | Se propón prospección de plantas e sementes de 11 especies de flora autóctonas con posibilidades de uso como planta ornamental ao longo da xeografía de Galicia para procurar a maior variabilidade posible. O material recollido se multiplicará na EEA do Baixo Miño e as sementes se gardarán no Banco de Xermoplasma do CIAM. Este material quedará a disposición do sector viveirista, para a súa multiplicación o mellora con vistas a súa introdución no mercado. | |

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1.- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita axuda.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita axuda, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMOS | ANO | IMPORTE (€) | SITUACIÓN* | DISPOSICIÓN REGULADORA** |
|------------|-----|-------------|------------|--------------------------|
| | | | | |
| | | | | |

*Solicitada, concedida ou pagada
 **Xúntase copia da convocatoria

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de mínimos doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2.- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3.- Non ter iniciado o investimento relativo ao proxecto na data de presentación da solicitude de axuda.

4.- A utilizar un sistema adecuado de avaliación de custos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (orixinais asinados dos modelos e copias da restante documentación)

Memoria e/ou anteproxecto técnico (ANEXO II)

Orzamento detallado por conceptos dos gastos necesarios para a execución do proxecto (ANEXO II)

Certificado de aprobación dos proxectos presentados na presente convocatoria de axudas

Certificado de funcións do persoal a contratar

LEXISLACIÓN APLICABLE

Normativa comunitaria:

- Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER modificado polo Regulamento (CE) Nº 74/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo Regulamento (CE) Nº 363/2009 da Comisión, do 4 de maio de 2009, polo Regulamento (CE) Nº 473/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009 e polo Regulamento (CE) Nº 484/2009 da Comisión, do 9 de xuño de 2009.
- Regulamento (CE) 1974/ 2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005, e modificado polos Regulamentos (CE) nº 482/2009 da Comisión do 8 de xuño de 2009 e (CE) nº 1175/2008 da Comisión, do 27 de novembro de 2008.
- Regulamento (CE) 65/2011 de 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta ós procedementos de control e condicionalidade en relación coas medidas de axuda ó desenvolvemento rural.

Normativa estatal e autonómica:

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Orde do 4 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2009 polo que, en aplicación do disposto no artigo 97.2º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, se aproba o réxime de fiscalización limitada previa para determinados expedientes de gasto.
- Lei 30/2006, de 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.
- Real Decreto 1891/2008, de 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a autorización e rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e súa inclusión no Rexistro nacional de produtores.
- Lei 3/2000, de 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.
- Real Decreto 1261/2005, de 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de protección das obtencións vexetais.
- Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo FEADER.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE

O director do CIAM

Asdo.: Manuel López Luaces

Lugar e data

Mabegondo , 24 de marzo de 2015

ANEXO II

| | | |
|---|-------------------------------------|-----------------------------|
| PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS – Submedida 214.2.4 FEADER | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO D1 | DOCUMENTO MEMORIA |
|---|-------------------------------------|-----------------------------|

| | |
|--------------------------------------|--|
| Nº DE PROTOCOLO^(*) | |
|--------------------------------------|--|

^(*) A encher polo INGACAL

| | | |
|--|-------------------------------|---|
| DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE | | |
| CENTRO DE INVESTIGACIÓN: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) | | CIF: Q1500322A |
| ENDEREZO: | | |
| CP:15318 | LOCALIDADE/CONCELLO: Abegondo | PROVINCIA: A Coruña |
| TELÉFONO: 881881801 | FAX: | ENDEREZO ELECTRÓNICO: manuel.lopez.luaces@xunta.es |

| | | |
|---|--|--|
| DATOS DO PROXECTO | | |
| DENOMINACIÓN: "Prospección de especies de flora autóctonas con posibilidades de uso como planta ornamental" | | |
| ENDEREZO: EEA do Baixo Miño – Entenza s/n | | |
| CP: 36471 | LOCALIDADE/CONCELLO: Salceda de Caselas | PROVINCIA: Pontevedra |
| TELÉFONO: 986 347 904 | FAX: 986 347 250 | ENDEREZO ELECTRÓNICO: manuel.riveiro.leira@xunta.es |
| DESCRIPCIÓN DO PROXECTO | <p>Se propón prospección de plantas e sementes de 11 especies de flora autóctonas con posibilidades de uso como planta ornamental ao longo da xeografía de Galicia para procurar a maior variabilidade posible. A prospección se realizará coincidindo co período de floración destas especies (maio e xuño) para favorecer a súa identificación.</p> <p>A prospección de cada especie se realizará 5 puntos da xeografía de Galicia, o suficientemente diferenciados para asegurar un máximo de variabilidade entre os ecotipos de cada especie. Dado que algunhas especies comparten nichos similares se poderá aproveitar unha localización para a recollida de varias especies. Como algunhas especies propostas nesta prospección están catalogadas como especies en risco, existe a posibilidade de que non se cheguen as 5 localizacións. Os puntos de móstreo están por determinar, xa que se conta coa experiencia da empresa que preste o servizo de asistencia técnica para a prospección.</p> <p>Obedecendo ao principio de optimización de recursos, no caso de que no curso da prospección se detecte algún outro material susceptible de utilizarse como planta ornamental se recollerá.</p> <p>O material recollido se multiplicará polo persoal da EEA do Baixo Miño nas mesas de cultivo solicitadas e as sementes se gardarán no Banco de Xermoplasma do CIAM. Este material quedará a disposición do sector viveirista, para a súa multiplicación o mellora con vistas a súa introdución no mercado.</p> | |
| XUSTIFICACIÓN | <p>O sector da flor e planta ornamental en Galicia ten un significativo alcance económico ao representar o 8,41% da produción final agraria, ademais de supoñer o 7% da superficie do Estado.</p> <p>A planta ornamental no período 2002-2012 pasou de 194 ha a 644 ha, situándose Galicia como unha das maiores produtoras de camelia a nivel mundial. Outras producións relevantes son rododendros, azaleas, bambú, hortensias e coníferas ornamentais.</p> <p>No Baixo Miño se producen plantas como <i>Metrodideros excelsa</i>, <i>Leptospermum scoparium</i>, <i>Coprosma repens</i>, <i>Hebe evenosa</i>, <i>Leptinella squalida</i>, etc. que son plantas silvestres orixinarias de Nova Zelandia. Neste senso os produtores do Baixo Miño opinan que existen plantas silvestres galegas que teñen potencial como plantas ornamentais como o caso da <i>Corema album</i>, <i>Thymus caespititius</i>, <i>Petrocoptis grandiflor</i>, <i>Nymphoides peltata</i>, etc., mellor adaptadas a noso clima e das que non é necesario pagar ningún royalty para producilos.</p> | |



| | |
|-----------------------------------|--|
| <p>OBXECTIVOS</p> | <p>Encontrar especies ou ecotipos que sexan sucesibles de seren utilizada como planta ornamental. Introducir nos xardíns especies que estean ameazadas ou se encontren en espazos vulnerable, para así contribuír a súa conservación. Evitar a proliferación de flora exótica que poda ser potencialmente invasora.</p> |
| <p>METODOLOXÍA</p> | <p>En principio as especies a recoller serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Plantas con uso medicinal: <i>Corema album</i> e <i>Thymus caespitius</i>. • Plantas utilizadas como condimento: <i>Salicornia europea</i>, <i>Campylanthus salsoloides</i>, <i>Crithmum maritimum</i>, <i>Allium spharocephalon</i> e <i>Cakile maritima</i>. • Plantas de baixas necesidades de auga: <i>Petrocoptis grandiflor</i>. • Plantas acuáticas: <i>Nymphoides peltata</i>, <i>Luronium natans</i> e <i>Isoetes fluitans</i>. <p>De todas as especies se recollerán sementes e plantas. Por medio dunha asistencia técnica se contratará un técnico que se encargará da planificación e da realización da recollida. O técnico contratado terá que recoller material como mínimo en 5 puntos da xeografía de Galicia, o suficientemente diferenciados para asegurar un máximo de variabilidade entre as mostras de cada especie. Cada mostra será codificada e xeolocalizada cas súas coordenadas GPS. Como existen especies de costa, fluviais e de montaña, se estima que será necesario desprazarse sobre 3500 km, cuxo custe se incluírá na contratación da asistencia técnica. As sementes recollidas, se multiplicarán nas mesas de cultivo solicitadas na EEA do Baixo Miño. Estas sementes multiplicadas, unha vez realizadas as probas de xerminación, se gardarán no Banco de Xermoplasma do CIAM.</p> |
| <p>PLAN DE DIVULGACIÓN</p> | <p>Reunión con socios de ACUBAM (15 empresas) para expoñer o resultado da prospección feita e dar a coñecer as especies recollidas para que os socios que o queiran poidan utilizar este material como base de multiplicación. Enviar información destas especies as 10 empresas de xardinería máis importantes de que traballen con concellos de Galicia para promover o uso deste material mellor adaptado as condicións de Galicia.</p> |
| <p>INDICADORES</p> | <p>Nº de variedades ou ecotipos obxecto da actividade de recompilación e inventario. Nº de actividades de divulgación.</p> |